


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

9-10 de xaneiro do 2021

BAUTISMO DE XESÚS NO RÍO XORDÁN



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa
ou Imos compañeiros imos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir a fe en fogar e desfrutando da presenza de Xesús Neno no medio de nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Rematamos hoxe o tempo do Nadal celebrando o Bautismo de Xesús.

O evanxeo nárnanos como se acerca como un máis ao río Xordán onde Xoán o Bautista predicaba a conversión e bautizaba á xente que acudía a el.

Pero nese momento Deus o presenta como ao seu Fillo benquerido, o preferido.

Escoitaremos tamén na lectura dos Feitos dos Apóstolos o discurso de Pedro que nos presenta a Xesús como o que pasou facendo o ben e estando cos oprimidos polo mal, pois Deus estaba con El.

Nós **MEDRAMOS NA FE SEGUINDO AS PEGADAS DE XESÚS**, se somos quen de facer o ben, de estar ao lado dos máis necesitados, de dar voz aos que ninguén escoita... So así viviremos de verdade o noso compromiso coma bautizados na fe de Xesús

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Queremos asumir dun xeito responsable a vida de cada día e queremos facer sentíndonos irmáns ao xeito de Xesús, que pasou pola terra facendo sempre o ben, por iso pedimos perdón e comprometémonos:*

Monitor/a

- Comprometédesvos a vivir sendo coherentes na tarefa de camiñar seguindo os pasos do evanxeo?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- Comprometédesvos a vivir sendo exemplo dos valores de Xesús?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- Comprometédesvos a vivir sen facer distincións de persoas buscando sempre a xustiza e a paz, sendo coidadosos e coidadores?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e das persoas que van perdendo a esperanza e se senten asoballadas polo mal. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante *Rematamos coa oración na que pedimos a Deus Pai que nos considere os seus fillos e que nós merezamos selo de verdade.*

(silenzo)

Deus, Noso Pai, cheo de tenrura e misericordia, cando Xesús foi bautizado no río Xordán, Ti, proclamáchelo o teu fillo benquerido.

Concédenos a nós,

os teus fillos adoptivos polo bautismo, sermos merecentes sempre do teu amor.

Pedímoscho por Xesucristo

que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Leccionario II B páx **Fei 10,34-38** *LECTURA*

LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela tomou Pedro a palabra e dixo:

-Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta ao que lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa. El mandoulle a súa palabra aos fillos de Israel, anunciándolle a Boa Nova da paz por Xesús Cristo: este é o Señor de todos.

Vós sabedes o que pasou en toda a Xudea, comezando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a todos os que estaban asoballados polo mal; pois Deus estaba con el. E nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeos.

Palabra do Señor

♪ nº 68 Con un sombreiro de palla SALMO

(en pé) Leccionario II B páx Mc 1,7-11 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela Xoán proclamaba:

- Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, ante quen non son digno de prostrarme para lle desatar os amallós do seu calzado. Eu bautizo con auga, pero el havos bautizar con Espírito Santo.

E aconteceu por aqueles días que chegou Xesús desde Nazaret de Galilea, e Xoán bautizouno no río Xordán. E de seguida, mentres saía da auga, viu abrirse o ceo e baixar sobre el, coma unha pomba, o Espírito Santo. E unha voz deixouse oír desde o ceo:

- Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



O noso calendario do Nadal da casa, que nos di para este día do bautismo de Xesús?. **MEDRAMOS NA FE SEGUINDO AS PEGADAS DE XESÚS.**

Lembrar aquel día no río Xordán é darnos conta da responsabilidade que temos coma crentes de seguir as pegadas de Xesús. Non somos simples espectadores.

Seguimos as súas pegadas porque El é exemplo, como exemplo temos que ser nós hoxe, se queremos ser cribles. As nosas palabras e feitos teñen que deixar pegada, e déixana cando pasamos por esta vida facendo o ben e coidando de quen necesita de nós.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro de fogar, no que lembramos o bautismo de Xesús, e co que rematamos os días do Nadal, renovamos as nosas promesas bautismais querendo ser coherentes na fe na que nos axudaron a medrar como familia. Dicimos

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Crede en Deus Pai,
creador do ceo e máis da terra?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús,
o seu fillo benquerido,
que naceu de María, viviu nesta terra,
deu a vida e resucitou de entre os mortos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,
na Igrexa, na comunión dos santos,
no perdón dos pecados e na vida eterna?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Celebrante Esta é a nosa fe, esta é a fe da Igrexa que nos alegamos de confesar en Xesucristo noso Señor. Amén

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Imos agora rezar a Deus, que no bautismo nos reconece coma fillos amados seus. Oremos dicindo*

GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR

Monitor/a

✓ Por todos os bautizados en Cristo, para que pasemos coma El facendo o ben e coidando de todos e de todo. Oremos

✓ Polas nais e pais cristiáns para que ao presentaren os seus fillos para o bautismo, sexan conscientes da súa responsabilidade de ser o primeiro e principal exemplo para os seus. Oremos

✓ Polos nenos e nenas desta parroquia para que atopen cariño e ledicia, para que medren sendo ilusión e esperanza nesta nosa comunidade. Oremos

✓ Por nós, que dende o fogar lembramos o bautismo de Xesús, para que medremos da súa man, deixando atrás o Nadal e atrevéndonos a ser adultos dando exemplo de evanxeo. Oremos

✓ Por todas as persoas que o están pasando mal por culpa da Covid-19. Oremos

Celebrante: *Escoita Pai as oracións dos que a Ti acudimos e fai que camiñemos sempre coma fillos teus, crentes e cribles. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Deus Pai ofrécenos ao seu Fillo Xesús para que o escoitemos, e Xesús convidanos a que nos achegemos a Deus e nos sintamos nas súas mans de Pai, por iso agora coma irmáns en Cristo rezamos hoxe como Xesús nos aprendeu a facer*
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús no seu Bautismo móstrase como o mensaxeiro da paz. El é o Deus da Paz. Que El nos alente a transmitir o seu exemplo nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Hoxe, como fogar, seguímonos reunindo para compartir as alegrías e tamén os fracasos e as penas. Hoxe, como familia, tamén nos reunimos e compartimos a ledicia de ter a Xesús no medio de nós deixando pegada.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser e a dar exemplo do evanxeo.

 **No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Oramos a ti, Señor, e seguros da túa bondade pedímosche que acollendo con fe a palabra do teu fillo, tamén nós merezamos, polo bautismo, chamarnos fillos teus e sérmolo de verdade nas nosas palabras e feitos de xustiza e paz que nos fan crentes e cribles.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

Xesús no Bautismo é o Fillo benquerido do Pai.

Nós non somos espectadores, participamos do seu bautismo collendo a súa man e seguindo o seu exemplo.

As pegadas de Xesús son pasar pola vida facendo o ben e loitando polos que son oprimidos polo mal: os refuxiados, os sen voz ante a inxustiza, as vítimas de abusos e violencia, os enfermos e asustados pola covid19... todos os que non poden ter unha vida digna como persoas.

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.**



“Medramos na fe
da man de Xesús
seguindo as súas pegadas”

Palabras do noso calendario do Nadal da casa.



“Este é o meu fillo benquerido, o meu predilecto,
escoitádeo”

Palabras do evanxeo de hoxe



Seguindo as pegadas de Xesús nós temos que dar
exemplo e deixar a pegada de que ser bautizados vale a
pena.